



EXPEDIENTE 2024/C005/000002. Contrato de subministro mediante aluguer, montaxe e desmontaxe de carpas e/ou jaimas para diferentes actos que se realizan no Concello de Touro.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

1. Obxecto do contrato.

O obxecto do contrato é a subministración mediante alugueiro, montaxe e desmonte de diferentes carpas ó pórticos destinados a acoller o desenvolvemento das distintas actividades programadas polo Concello de Touro, de tal forma que o Concello dispoña, nas datas que se determinan no mesmo ou nas que este así o requira, dunhas infraestruturas nos lugares que se establezan para a realización dos eventos previstos, todo iso mediante a instalación daquelas en réxime de alugueiro, incluídos montaxe e desmonte, e traslados, de carpas e infraestruturas e cubertas necesarias para a celebración de actividades culturais e de tempo libre ou calquera evento organizado polo Concello de Touro así como aquelas en as que colabora e son organizadas por asociacións sen ánimo de lucro e que necesitan da instalación de carpas en función do tipo de actividade ou da época do ano en que se celebran ou das previsións meteorolóxicas. Ademais algúns eventos necesitan da instalación dunha tarima elevada ata 0,70 metros, de superficie variable segundo o caso.

2. Xustificación da necesidade da contratación.

A Lei Reguladora de Bases do Réxime Local (LO 7/1985, de 2 de abril) regula no seus artigos 25 e 26 as competencias municipais. Para o desenvolvemento destas competencias faise necesario adquirir produtos que son de utilización común e continua nos diferentes servizos municipais e se requiren para o seu propio funcionamento e o cumprimento dos seus fins. A finalidade da presente licitación é a elaboración dunha lista de materiais e un provedor capaz de proporcionar un servizo rápido, eficaz e de calidade.

3. Procedemento de contratación.

O procedemento a seguir para a contratación desta subministración é o procedemento aberto simplificado en cumprimento do establecido no artigo 156.6 e seguintes da LCSP. Este procedemento permitir a todo empresario capacitado a presentación de proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato.

A adxudicación do contrato realizarase utilizando un único criterio de adxudicación relacionado co custo da subministración (art. 146.1.a) da LCSP), sendo por conseguinte o prezo o único factor determinante da adxudicación.

4. Insuficiencia de medios propios

O concello non pode estimar o material que se vai necesitar nos diferentes servizos e polo tanto non pode adquirir produtos para almacenalos e que despois non sexan necesario. De ahí que se faga necesaria a subministración según xurdan as necesidades e polo tanto, a contratación dunha entidade externa e especializada que se encargue da entrega do material necesario.

5. División en lotes

Aos efectos do disposto no artigo 99.3 da LCSP, e sempre que a natureza ou obxecto do contrato o permitan debéra preverse a realización independente de cadansua das suas parte mediante a súa división en lote.

No presente caso, non procede a división en lotes xa que o obxecto a subministrar constitúe unha única prestación.

6. Duración do contrato

Dous anos sen posibilidade de prórroga.



7. Orzamento base de licitación e valor estimado do contrato.

Tendo en conta o gasto estimado en anos anteriores, recolleuse no prego de prescripcóns técnicas:

- Para necesidades de menos de 75 m² el Ayuntamiento podrá exigir modelos tipo haima.
- Para necesidades de más de 75 m² será estructura de pórticos tipo carpa

PRECIO MÁXIMO DE LICITACIÓN

EVENTOS con previsión de necesidad relativamente fija	Previsión de superficie (m ²)	tarima (m ²)	SUMA
Festa 3 idade (1 día)	945	60	
Festival bandas música (1 día)	375	60	
San Breixo (3 días)	900		
Festa rixóns (2 días)	450	60	
Nadal (25 días)	450	60	
Morada A Pinguela (2 días)	450	60	
Subtotal m ²	3.570	300	
Precio €/m ²	4,20 €	8,40 €	
SUBTOTAL	14.994,00 €	2.520,00 €	17.514,00 €
EVENTOS con previsión de necesidad variable	Previsión de superficie (m ²)	tarima (m ²)	
Antroido Bama (1 día)	450		
Antroiro fao (1 día)	450		
Outros	900		
Subtotal m ²	1800		
Precio €/m ²	4,20 €		
SUBTOTAL	7.560,00 €		7.560,00 €
TOTAL SIN IVA			25.074,00 €
IVA (21 %)			5.265,54 €
SUMA TOTAL ANUAL			30.339,54 €
TOTAL SEN IVA DOS AÑOS			50.148,00 €
IVA (21 %)			10.531,08 €
SUMA TOTAL CONTRATO			60.679,08 €

Para este efecto dispoño:

PRIMEIRO. Iniciar o expediente administrativo para levar a cabo a tramitación do contrato de subministro mediante aluguer, montaxe e desmontaxe de carpas e/ou jaimas para diferentes actos que se realizan no Concello de Touro.

SEGUNDO. Dar traslado aos Servizos Técnicos municipais co fin de que se proceda á elaboración dos correspondentes pregos así como tramitar o expediente de contratación administrativa en función da consignación orzamentaria existente.



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)
R.E.L. nº 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

TERCEIRO. Publicar a presente no perfil do contratante desta Administración, para os efectos previstos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

En Touro na data da sinatura electrónica á marxe.

O Alcalde, Roberto Castro Rocamonde